



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Investigadores do IDIS identifican un novo marcador que podería predicir o avance do cancro de mama a través da análise convencional dos glóbulos vermellos

No traballo asinado por Clotilde Costa descríbese por primeira vez que os glóbulos vermellos de doentes con cancro de mama son diferentes aos das persoas sen enfermidade

Os resultados deste estudo, protexidos por unha patente, poderían ter unha importante aplicación clínica en doentes con cancro de mama metastásico

Santiago de Compostela, 1 de decembro 2022.- “O estudo dos glóbulos vermellos de pacientes con cancro de mama pode predicir o avance da enfermidade”, así o afirma a investigadora do IDIS Clotilde Costa nun estudo publicado na revista *Molecular and Cellular proteomics*. Neste traballo descríbese por primeira vez que os glóbulos vermellos de pacientes con cancro de mama son diferentes aos de persoas sen a enfermidade.

O equipo da Dra. Costa, no laboratorio da unidade Mixta Roche-CHUS, identificou unha proteína cuxos niveis son máis elevados nos pacientes con cancro de mama avanzado ou metastásico. Isto pode sentar as bases para saber se a enfermidade está a avanzar, estudando os glóbulos vermellos que se obteñen nunha análise de sangue convencional. Recentemente coñeceuse que os glóbulos vermellos, aos que tradicionalmente se relacionou unicamente como transportadores de osíxeno, teñen outras funcións adicionais como células reguladoras na circulación. Con este estudo os investigadores demostran que poderían ser ademais marcadores útiles en oncoloxía.

Así, analizáronse mostras de sangue de pacientes con cancro de mama en distintos estadios e doantes sen enfermidade, recollidas no Hospital Clínico de Santiago de Compostela. Estudouse a composición de proteínas dos glóbulos vermellos mediante técnicas de proteómica, o que permitiu identificar un potencial biomarcador de diagnóstico de enfermidade metastásica. Os resultados deste traballo, protexidos por unha patente, poderían ter unha importante aplicación clínica, xa que a metástase é a principal causa de morte por cancro e é de vital importancia detectala canto antes.

Os glóbulos vermellos ou eritrocitos son as células máis abundantes no sangue e a súa obtención é sinxela, o que permite analizar mostras en distintos momentos da enfermidade.

Esta investigación levouse a cabo na Unidade Mixta Roche-Chus, iniciativa colaborativa entre a empresa Roche Farma e o grupo Oncomet do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS), dirixida polo Dr. Rafael López, Xefe do Servizo de Oncoloxía Médica do Hospital Clínico de Santiago. Participaron ademais o Servizo de Xinecoloxía, a Unidade de Proteómica do IDIS e a Universidade de Santiago de Compostela.

O traballo, que se acaba de publicar na revista *Molecular and Cellular proteomics* ([Pereira-Veiga et al](#)), foi financiado pola Axencia Galega de Innovación, Roche Farma e a Asociación Española Contra o Cancro. **Saúdos,**